



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS VINTE E SEIS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA TRINTA DE XUÑO DE DOUS MIL NOVE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezasete horas e corenta minutos do día trinta de xuño de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Luz Senra Lorenzo, D^a. Silvia Diaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel A. Pazos Barros, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D. Miguel A. Martínez Nacemento, D^a. Irene Ligerio Iglesias, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; escusa a non asistencia o concelleiro D. Javier Domínguez Lino; actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos e D^a. Olga Fernández Rodríguez en calidade de Interventora Municipal. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3257.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 26/05/2009.- De conformidade co disposto no artigo 91 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da acta da sesión realizada con data 26/05/2009 na que se pon de manifesto o por parte da Sra. Nieto García que no punto 3253, na súa intervención cando solicitou a que no lugar de Concelleira figurase tamén concelleiro, referíase en todos/as os/as compoñentes da Mesa; previa rectificación da acta na forma sinalada pola concelleira esta quedou aprobada por unanimidade.

3258.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria dáse conta do estado de execución dos

asuntos precedentes e que son os que seguen: "3247.- ORDENANZA CREACIÓN (MODIFICACIÓN OU SUPRESIÓN) DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da Provincia para información pública; 3248.- SOLICITUDE DE PLAN CONCERTADO 2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse solicitude do mesmo á Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar; 3249.- INFORME DE REPARO A DIVERSAS FACTURAS SEN EXISTIR CRÉDITO PARA A SÚA APROBACIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención para proceder ao pagamento das indicadas facturas; 3250.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN BONIFICACIÓN NAS COTAS DO ICIO A FAVOR DE D^a. DOLORES PENAS RIAL CORRESPONDENTE AOS EXPEDIENTES 68/09 E 182/08, POR VIVENDAS UNIFAMILIARES NO LUGAR DA PRAZA DO PEIRAO DA CHOUSA, 3.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á interesada; 3251.- SOLICITUDE DE APOIO Á MARCHA CONTRA CELULOSAS A REALIZAR O PRÓXIMO 13/06/2009, ASOCIACIÓN DA DEFENSA DA RÍA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Asociación pola Defensa da Ría; 3252.- URBANISMO, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE RETIRADA DO INMOBLE PISO PILOTO E OFICINA DE VENTA DE URBIS E RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3253.- BENESTAR SOCIAL, APROBACIÓN CONSTITUCIÓN MESA LOCAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo expediente e douse traslado ao Centro de Información á Muller; 3254.- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTO 2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, procedeuse á súa formalización e comunicouse a todas ás entidades financeiras que se presentaron; 3255.- PROCEDEMENTO ORDINARIO 123/2009-CC, MARÍA DOLORES ABOAL NUÑEZ E OUTRA CONTRA O CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse xunto co expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo e a D. Domingo Estarque Vila; 3256.- COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE E DA CONCELLEIRA DE VÍAS E OBRAS SOLICITADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo."

A corporación dáse por enterada.

3259.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario as que estiveron expostas a disposición dos concelleiros na Secretaria Xeral do Concello, xunto cos demais asuntos da orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

3260.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2008.- En virtude do artigo 193.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado referido á Liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2008 e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16/06/2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e da providencia da Alcaldía de data 4 de maio de 2009 que di o seguinte: "Finalizado o exercicio económico 2008 e sendo necesario levar a cabo a correspondente liquidación do Orzamento, por medio da presente DISPOÑO, 1º) Que se inicie de oficio o correspondente procedemento para a confección da liquidación do Orzamento Xeral para o exercicio económico 2008. 2º) Que se elabore o informe de avalización do cumprimento obxectivo de estabilidade orzamentaria. 3º) Que pola intervención deste concello emítase o informe correspondente. 4º) Elaborados os informes elévese o expediente para a súa aprobación definitiva."

A Comisión dáse por enterada."

A corporación dáse por enterada.

3261.- INFORME REPARO FACTURAS RECIBIDAS SEN EXISTENCIA DE CRÉDITO NA DATA DE EMISIÓN DAS MESMAS.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16/06/2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do informe da intervención municipal de data 10 de xuño de 2009 no sentido de que no orzamento do exercicio 2009 existe crédito suficiente nas partidas consignadas no anexo de investimentos que forma parte do presuposto para proceder a aprobar os gastos que se derivan das facturas obxecto de informe no caso de que o Pleno decida levantar o reparo e resolver a discrepancia.

A Sra. Ligerio Iglesias di que o seu grupo político votará en contra porque xa levamos uns 318.000.- euros en pagos de facturas extraxudiciais e non estamos de acordo.

O Sr. Barreiro Lubián quere manifestar que aínda que non se cumpre a lei a estritamente neste momento existe crédito e creemos que se poden tramitar.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 3 votos en contra do P.P. acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

O Sr. Moldes Martínez reitera o exposto na comisión no referente o importe que se leva recoñecido extraxudicialmente, xa que levan máis de 300000€, o que demostra unha moi mala planificación do equipo de goberno o que se está a coverter nunca tónica.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que se trata de facturas de obras tramitadas antes da aprobación dos orzamentos pero que se sabía que os gastos que se realizaban tiñan consignación orzamentaria pero o que non se pode e ter o concello paralizado ata o mes de maio, pensamos que non é de todo correcto pero é o xeito de prestar servizos aos veciños cando o demandan e non ter que esperar á aprobación do orzamento, que as veces demórase no tempo.

O orzamento estaba elaborado e tiñamos coñecemento que se podía gastar. Non se trata de desviacións importantes como ocorría con anterioridade fanse previsións pero xorden imprevistos que dan lugar a estas desviacións, pero non por un gran importe.

A Sra. Besada Lores di que se se espera a ter o orzamento aprobado habería que esperar medio ano para empezar a executar o orzamento, pero as obras refírense a partidas con consignación, fixéronse gastos pero sempre con cautela e coa prudencia suficiente.

O Sr. Martínez Moldes di que poden xurdir gastos extraordinarios pero estase a recoñecer extraxudicialmente gasto corrente o que significa gasto previsible.

O Sr. Barreiro Lubián di que para cumprir o que di a norma habería que facer estes gastos unha vez aprobado o orzamento, o que suporía a paralización do concello e a non prestación de servizos aos veciños. Levamos 2 ou 3 recoñecementos pero que non teñen problema. Non é congruente solicitar e demandar servizos, como estades a facer e por outro lado dicir que non se pode facer. Trátase de gastos con consignación orzamentaria do ano en vigor e non como había que recoñecer anteriormente con pagos de ata o 20%, referíndonos ao ano 1991.

O Sr. Martínez Blanco pregunta aos concelleiros do PP se saben o que un recoñecemento extraxudicial, xa que é un gasto que se fai con cautela sabendo que ten consignación orzamentaria e así mesmo tendo en conta o remanente de tersourería; no Concello actuase con prudencia non como noutros concellos limítrofes.

O Sr. Villaverde Méndez di que é verdade que se cometeron excesos "normais" pero como oposición e tendo en conta a función de control que exercen sobre o equipo de goberno teñen que denunciar todos estes excesos.

A Sra. Besada Lores di que neste caso trátase de forma distinta aos recoñecementos extraxudicias que se fan

ao comezo de cada exercicio e ao final dos mesmos, xa que son gastos sen consignación.

O Sr. Domínguez Álvarez comenta que a situación esta ven provocada polos reparos postos pola intervención, e que constan no seu informe, se está ben, a interventora está equivocada.

O Sr. Agís Gómez engade que en Poio aos provedores sóleselle pagra con prontitude, sen demoras non coma neutros concellos que solicitan aos provedores que entreguen as facturas con posterioridade.

Sometido á votación este quedou aprobado por 10 votos a favor do BNG e PSOE, 6 votos en contra do PP e ningunha abstención, adoptábase o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o informe de reparo sobre facturas de investimentos correspondentes ao capítulo IV do estado de gastos emitido pola Intervención Municipal do 10 de xuño de 2009.

Segundo: Proceder ao recoñecemento do gasto que ascende a un total de 109.967,42 € e que se proceda ao seu pagamento, de conformidade co informe da intervención municipal e que consta no expediente.

3262.- MODIFICACIÓN NUM. 7/2009 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16/06/2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente, da Memoria e Providencia da Alcaldía de data 10 de xuño de 2009 e do informe de intervención municipal de data 11 de xuño de 2009 sobre facturas que non poden ser aprobadas como gastos en "investimentos" do Concello de Poio xa que en realidade trátase de subvencións de capital concedidas aos beneficiarios dos subministros (Casa da Comunidade de Combarro, Campo de Fútbol de Combarro e Local Social de Pereiro).

A Secretaria explica o contido do mesmo e manifesta que sería un expediente dobre no sentido de que primeiro habería que levantar o reparo e despois realizar unha modificación orzamentaria.

A Sra. Ligerio Iglesias manifesta que o seu grupo político vai votar en contra de acordo co informe da interventora na que fala de cautela que se debe empregar na utilización do remanente de tesourería, xa que a utilización total ou excesiva pode supoñer que ó final do exercicio non exista ou sexa negativo.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que o remanente é

para utilizalo e a cautela a que se refire o informe da interventora municipal é porque o previsible é que os ingresos deste ano non serán tan bos como os dos anos anteriores. O da cautela é importante pero podemos nese caso prescindir de determinados servicios que non é bo para o concello.

O Sr. Moldes Martínez di que falamos de tirar de facturas que o mellor non son prioritarias e que se utiliza o remanente de forma arbitraria. Debemos buscar un equilibrio nestes momentos, non estamos dicindo que se están tirando os cartos.

O Sr. Barreiro Lubián di que a política deste concello é de moita cautela e contención. O remanente é de algo que deixamos do ano pasado e o normal é que se poida utilizar este ano.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do P.P. acordou, dando cumprimento o artigo 24 do Regulamento Orgánico da Corporación, elevar ao Pleno as dúas propostas: 1º) Aprobación da modificación nº 7/2009 de crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería e 2º) A non aprobación da modificación nº 7/2009 de crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería".

A Secretaria da Corporación explica aos asistentes que de conformidade co ditame da Comisión de Facenda e de acordo co disposto no artigo 24 do Regulamento Orgánico Municipal elévase á consideración do pleno dúas propostas formuladas na Comisión ao darse o caso de empate, polo que si están todos de acordo procederíase á votación da proposta de aprobación da modificación num. 7/2009 de crédito extraordinaria a que de sair aprobada por maioría de asistentes, xa non se procedería á votación da segunda proposta.

Non subscitándose debate ningún e de acordo co exposto pola secretaria procésese á votación da primeira proposta, co seguinte resultado:

10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE).

6 votos en contra (6 PP)

Ningunha abstención.

Obténdose maioría absoluta en primeira votación enténdese aprobada a primeira proposta adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo existente de conformidade co disposto no Anexo do Informe de Intervención de data 11 de xuño de 2009.

Segundo: Aprobación da modificación nº 7/2009 de crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería e que se sigan os trámites legais procedentes.

3263.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN OBRA NUM. 6 DA "CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- Pola Secretaria dáse conta da certificación núm. 6 da obra correspondente á Casa de Cultura de Raxó, por un importe de 47925,63 €, acompañada pola correspondente factura M-36000-049 de data 30 de abril de 2009, á que corresponde descontar para proceder ao pagamento os materiais utilizados na execución certificada nas mesmas que foron no seu día acopiados e abonadas, por tanto o importe a aboar con respecto á certificación num. 6 de obra ascende a 44891,95 €.

A certificación foi conformada polos Directores de Obras D. Emmanuel Romero Parra e D. Miguel A. Martínez Muñoz, polo Aparellador Municipal D. Fernando Sevilla Ricote e contratista.

Consta no expediente informe da intervención municipal de data 29 de maio de 2009, no que entre outros extremos, pon de manifesto a existencia de crédito suficiente na partida 451.60100 para proceder a aprobación da certificación de obra unha vez deducido o importe das contías dos materiais acopiados así como pola intervención tómase razón do endoso da certificación núm. 4 de obra correspondente.

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de xuño de 2009.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno ao abeiro da Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de 2007 e do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, en votación ordinaria e polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, ACORDOU:

Primeiro.- Prestar aprobación á certificación ordinaria núm. 6 das obras comprendidas no proxecto "CASA DE CULTURA EN RAXÓ" por importe de 47925,63 € dos que corresponde descontar o importe de 3033,68 € para proceder ao pagamento dos materiais utilizados na execución certificada na mesma que foron no seu día copiados e abonados e factura num. M-36000-049 emitida con data 30 de abril de 2009 por ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A., C.I.F. A-15008485.

Segundo: De conformidade co artigo 201 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público tomar coñecemento do acordo de cesión dos dereitos de cobro

a favor de Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, SA.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo xunto coa documentación complementaria á Consellería de Cultura e Deporte.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos interesados comunicándolle que contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 14.2º do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3264.- MODIFICACIÓN 8/2009 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16/06/2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente, da Memoria e Providencia da Alcaldía de data 10 de xuño de 2009 e do informe de intervención municipal de data 11 de xuño de 2009 sobre facturas que non poden ser aprobadas como gastos correntes do Concello de Poio xa que en realidade trátanse de subvencións correntes concedidas aos beneficiarios servizos prestados (Equipo de fútbol Sala Femenino Ateneo Combarro).

A Secretaria explica o contido do mesmo e manifesta

que sería un expediente dobre no sentido de que primeiro habería que tramitar o suplemento de crédito e despois levantar o reparo para aprobar e aplicar os gastos realizados ao orzamento modificado.

O Sr. Moldes Martínez di que que non se basan en palabras senón en feitos. O equipo de goberno segue a improvisar. Existe un incremento forte en canto o subministro de enerxía eléctrica, espero que sexa para ese proxecto co fin de reducir o consumo eléctrico.

O Sr. Barreiro contéstalle que o PP. fala de improvisación, pero no momento que se aproba o presuposto xa sabíamos que se incorporarían ao remanente. O da enerxía eléctrica oxalá fora para o proxecto do que falas pero non é así é para o consumo de enerxía eléctrica que nos meses de xaneiro e marzo case se duplicou con respecto ó ano pasado.

O Sr. Moldes Martínez di que basándonos no informe de intervención existen gastos previsibles pero por lo visto incrementáronse. Os feitos son os que son, falta de previsión do equipo de goberno e pregunto se ¿o PSOE está de acordo coas modificacións?

A Sra. Besada Lores manifesta que son uns presupostos austeros, e unha vez da existencia deste remanente trataremos de acometer en obras polo que estamos de acordo co informe da interventora municipal.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do P.P. acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.".

Comeza a intervención o Concelleiro Sr. Barreiro Lubián o que explica que hai un remanente de tesourería que ascende a uns 6 millóns de € que hai que incorporar ao orzamento e igualmente hai que dispor onde se van a invertir por iso tendo en conta a situación e co criterio de prudencia, que se ven aplicando, destinaríase un 20% aos gastos que se refliten e especifican na proposta da alcaldía do 10 de xuño de 2009, na forma prevista na mesma.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que é algo moi significativo que se faga un mes despois da aprobación dos orzamentos unha modificación por este importe. Vai en contra do plan de saneamento aprobado xa que hai endebedamento do 92%. Hai concellos que teñen máis débeda pero xeneran riqueza cos servizos que prestan. Isto demostra a mala planificación do equipo de goberno, xa que se pregunto una comisión en que ían a utilizar os gastos de obras, e ninguén se poñía de acordo. Existen uns incrementos que non cumpren o plan de viabilidade, debe priorizarse para non excedernos en gastos. Trátase duns

orxamentos que chegaron tarde é un mes despois faise unha modificación.

A Sra. Besada Lores di que unha vez pechado o exercicio 2008 é cando se calcula o remanente que queda. Os orxamentos foron feitos con austeridade, de feito existen partidas que quedaron cortas e decidiuse inxectar outras.

Con respecto ás obras que se van realizar destacar os asfaltados e saneamentos, aínda que non se van poder facer todos, temos que acometer aqueles que consideremos máis urxentes e necesarios. Tamén hai proxectos pechados co outro goberno que agora non se sabe nada.

O Sr. Barreiro Lubián di que o remanente é importante por iso se trae ao pleno, porque é un importe alto, se fora baixo, non se traería ao pleno e non habería tanta polémica. Tráese porque a xestión foi boa e agora incorpórase ao exercicio do 2009. Aquí o problema é que se poden acometer obras. que haxa gasto e investimento non é malo.

Tamén o importante é que existan ingresos que nos permitan facer gastos. Que teñamos millóns de € é bo que nos permite facer obras e gastar, o que podemos discutir é en que gastalos. Por sorte, todos os anos hai remanente aínda que tamén pode ser negativo, trátase dun exercicio de prudencia.

Con respecto ao endebedamento é unha porcentaxe que varía todos os anos e coa liquidación pode variar e nos facémonos cargo dos custos do endebedamento. As comparacións pódense facer per este concello pode presumir do servizo de saneamento, alumado.. hai núcleos rurais que teñen (para o meu gusto) demasiado alumado, pero temos alumado. Ata fai uns meses pedíades locais para as asociacións e aogra recoñecedes que xa hai suficientes, que decir das zonas verdes, pavilións, campos de fútbol. Tampouco estamos tan mal se nos comparamos cos veciños e cos impostor que se pagan. A situación do concello e dos servizos é boa e o criticable sería gastar sen ter.

O Sr. Moldes Martínez di que parece paradóxico e contraditorio que co remanete se vaia a incumplir o plan de saneamento. Aquí estase a falar de xeralidades pero en Poio seguimos sen piscina, 3º pavillón, depuradora.. Hai que priorizar os gastos, e o equipo de goberno tese que poñer de acordo e non absterse como fixo na comisión.

A Sra. Besada Lores di que o PSOE non se abstuvo na aprobación da modificación senón na aproación da emenda xa que tiñabamos que vela. Na actualidade tamén é importante destacar que estamos aforrando e recurtando gasto ao realizar obras cos nosos propios medios.

O Sr. Barreiro Lubián di que o que se estña a facer é unha lectura dobre das cousas, criticamos os parques e a piscina, parece que vai solventar o plan económico. A piscina ten uns custos elevados, xa que decir do transporte público.

O 30 de marzo o goberno publica unha circular na que comunica que se pode ter un 4% de déficit, tampouco se pode facer tanto caso do que din porque son datos cambiantes.

Unha vez rematada a deliberación e antes de proceder á votación do asunto o concelleiro Sr. Martínez Blanco presenta "In Voce" unha emenda á proposta da alcaldía no que propón o incremento da partida 75148901 de gastos por festexos de 24.000 €.

A Interventora municipal presente na sesión e en relación ao contido dae devandita emenda reitira as consideracións realizadas no seu Informe de 11 de xuño de 2009.

Polo alcalde solicítase que se presente por escrito.

Sometida a votación o ditame da comisión de Facenda, de aprobación da modificación orzamentaria xunto coa emenda presentada esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG + 3 PSOE), 6 votos en contra (6 PP) e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo existente de conformidade co disposto no Anexo do Informe de Intervención de data 11 de xuño de 2009.

Segundo: Aprobación da modificación nº 8/2009 de suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais e que se sigan os trámites legais procedentes.

3265.- APROBACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16/06/2009 e que di o que segue: "Dáse conta da Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda ao Fogar do Concello de Poio de data 9 de xuño de 2009 que consta de un Preliminar, 19 artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e unha disposición final e do informe da Secretaria Xeral de data 12 de xuño de 2009.

Toma a palabra a concelleira Irene Iglesias e sinala que o texto da ordenanza é escueto e limitado a copiar e

pegar o contido da Orde do 22 de xaneiro de 2009, sen recoller en modo ningún as peculiaridades do concello.

Comenta ademáis a existencia de certas deficiencias e lagunas que deberían ser subsanadas como a que afecta ao art. 3 do proxecto de ordenanza no tratamento dos dependentes en Grado I, como fan e se reflexa nas ordenanzas aprobadas recentemente en moitos concellos galegos.

Así mesmo pon de manifesto a existencia de cláusulas discriminatorias e abusivas como a prevista no art. 7.1º cando dí: "...Procederáse á reanudación inmediata do servizo a petición dos/das interesados/as naqueles casos en que se sufragasen durante a súa ausencia, o abono das tarifas que lle correspondan de igual xeito que se estiveran de alta. Nos restantes casos, pasará a lista de agarda coa puntuación de orixe. No caso de empeoramento da súa situación realizase unha nova valoración por parte do persoal técnico do servizos sociais". Polo que insta se suprima para que de existir causas xustificadas que aconsellan ou permiten a suspensión temporal do servizo, non se esixa o abono do prezo correspondente.

O Presidente da Comisión aclara que a razón de dita previsión poda ser a necesidade de poder prestar atención a todas aquelas persoas que reúnan os requisitos e que poderían verse incluídos nunha lista de agarda se se modifica o texto da ordenanza na forma proposta polo grupo municipal do Partido Popular.

Dª Irene Iglesias mantén a súa petición e a amplía ao contido do art. 9.f) que relaciona entre os requisitos que deben reunir os beneficiarios/as que a vivenda na que se preste o servizo reúna as condicións adecuadas.

Dita expresión ou concepto non ven definido nin explicitado no texto da ordenanza, partindo o grupo municipal do Partido Popular que debe garantirse a prestación do servizo aínda nos supostos nos que a vivenda non sexa adecuada.

D. Xulio Barreiro insta a que o grupo municipal do partido popular presente unha enmenda para que poda ser analizada polos técnicos dada a natureza das cuestións plantexadas que exceden de criterios de mera oportunidade.

Intervén no debate Dª Consuelo Besa para defender o traballo que ven realizando a técnico redactora do proxecto de ordenanza, asesorando incluso a outros concellos na implantación e organización do servizo de axuda ao fogar, polo que suxire que sexa solicitado informe técnico sobre as

cuestións que estanse a analizar pola comisión.

D^a Irene Iglesias pregunta ademáis en qué maneira pode estar afectando aos usuarios do servizo que o precio de prestación que se lle abona a empresa adxucataria sexa inferior ao que se ven abonando no sector como idóneo.

D^a Consuelo Besada respóstalle que se trata dunha cuestión interna da empresa na que o concello non debe interferir sendo alta a consideración e o grado de satisfacción que os usuarios teñen respecto á calidade do servizo.

D^a Luz Senra pide a D^a Irene Iglesias que poña en coñecemento dos membros da Comisión os criterios que ten utilizado para fixar o prezo idóneo, ao que a concelleira do grupo municipal do Partido Popular responde que son de público coñecemento como podan ser e cita entre outros, os convenios colectivos do sector.

A Interventora municipal solicita do Presidente o uso da palabra e aclara aos asistentes os custes tomados en conta na elaboración da memoria económica que serve de base para a fixación do prezo público que deberán satisfacer os veciños beneficiarios, debendo distinguir entre o prezo público e o importe a abonar á empresa por cada usuario.

Remata o debate D^a Irene Iglesias reiterando unha vez máis que se modifique a ordenanza no sentido e alcance exposto.

Sometido a votación ordinaria e polo voto dos oito membros presentes, a Comisión dase por enterada do contido do expediente e das propostas formuladas polo grupo municipal do Partido Popular.”.

Solicita o uso da palabra D^a Irene Iglesias para elevar á consideración do Pleno ao abeiro do establecido no art. 95.5º do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, enmenda ao texto ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas.

A Secretaria presente na sesión aclara aos asistentes que segundo dilixencia por ella extendida, con data 25 de xuño de 2009 incorpórase pola concellería de Servizos Sociais, novo proxecto de ordenanza reguladora do servizo de axuda ao fogar obxeto de informe da mesma funcionaria de data 25 de xuño de 2009.

Dase lectura así mesmo ás nova redacción do artigo 7

parágrafo primeiro e ao artigo 9 apartado f).

Toma de novo a palabra D^a Irene Iglesias quen manifesta aos concelleiros presentes que o grupo municipal do Partido Popular congratúlase de que as súas propostas sexan tan ven acollidas, solicitando ao Presidente a retirada da enmenda presentada.

Non suscitándose debate ningún, en votación ordinaria e polo voto favorable dos dazaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, ao abeiro das competencias delimitadas pola Lei 23/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e dando cumprimento ao establecido na Disposición Transitoria Primeira da Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda ao fogar e seguindo o disposto no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno ACORDOU:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial ao proxecto de ordenanza reguladora do servizo de axuda ao fogar incorporado ao expediente con data 25 de xuño de 2009.

Segundo.- Abrir un prazo de información pública durante 30 días mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello durante o cal os interesados poderá examinar o expediente na Secretaría para os efectos da presentación das reclamacións ou suxerencias que estimen por oportunas. En Caso de non presentarse reclamación ningunha, o acordo provisional oi inicial elevarase automaticamente á categoría de definitivo, procedendo á publicación íntegra da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, debendo para a súa entrada en vigor, transcurrir ademáis de conformidade co art. 70.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, o prazo previsto no seu art. 65.2º.

Neste momento abandona o Salón de Sesións a concelleira D^a Irene Iglesias.

3266.- PROPOSTA DA ALCADÍA SOBRE NOME DUNHA RÚA NO LUGAR DE CAMPELO.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16/06/2009 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta da proposta da Alcaldía que di o seguinte "Como consecuencia da construción de edificios de vivendas no lugar de Campelo, existe unha nova rúa, facéndose necesario darlle nome á mesma e, facendo as comprobacións oportunas, esta Alcaldía PROPÓN que a dita rúa no lugar de Campelo se nome como "VIÑA DO CREGO", e que se

comunique este acordo á Sra Arquitecta Municipal para que os inclúa no plano correspondente, á Oficina de Servizos e á Unidade do Padrón Municipal de Habitantes para que realice as modificacións oportunas no Padrón Municipal de Habitantes”.

Non suscitándose debate ningún e sometido a votación ordinaria e polo voto dos oito membros presentes, a Comisión dáse por enterada do contido do expediente para a súa elevación ao Pleno.”

Pola Sra. Nieto García manifestase que non hai inconveniente ningún en que esa rúa pase a denominarse Viña do Crego, xa que esa zona é coñecida así pero pregunta se a urbanización e as cesións están entregadas ao concello.

Sometida á votación o ditame da Comisión de Facenda este quedou aprobada por unanimidade de asistentes adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á denominación da nova rúa existente no lugar de Campelo como Viña do Crego.

Segundo: Proceder á apertura dun periodo de información pública durante vinte días hábiles, mediante a inserción do correspondente anuncio no taboleiro de editos do concello e no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que calquera persoa física ou xurídica poda consultar o expediente e presentar as reclamacións ou alegacións que estimen por convinte. No suposto de que no devandito prazo non se presente reclamacións ou alegacións ningunha, o acordo de aprobación inicial elevarase automaticamente a definitivo.

Terceiro: Comunicar á Sra Arquitecta Municipal para que os inclúa no plano correspondente, á Oficina de Servizos e á Unidade do Padrón Municipal de Habitantes para que realice as modificacións oportunas no Padrón Municipal de Habitantes.

3267.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16/06/2009 e que di o que segue: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta da proposta da Alcaldía de data 15 de xuño de 2009 sobre a modificación do parágrafo primeiro do artigo 17 do Regulamento Orgánico Municipal coa seguinte redacción: “A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todas as semanas” e o informe da Secretaria Xeral de data 15 de xuño de 2009.

Non suscitándose debate ningún e sometido a votación ordinaria, con cinco votos a favor e tres abstencións, dictamínase favorablemente a proposta de modificación para ser elevada a consideración plenaria.”.

Non suscitándose debate ningún e sometido a votación ordinaria, con quince votos a favor dos membros presentes, este quedou aprobado adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á proposta dictaminada da Alcaldía nos seus propios termos e polo tanto aprobar inicialmente o expediente.

Segundo.- De conformidade co establecido no art. 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, someter o expediente a información pública durante trinta días a contar desde o día seguinte a aquél en se publique anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos da presentación de reclamacións e suxerencias polos interesados, con indicación de que de non presentarse reclamación ou suxerencia ningunha, endenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedendo á publicación íntegra da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, debendo para a súa entrada en vigor, transcurrir ademais de conformidade co art. 70.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, o prazo previsto no seu art. 65.2º.

3268.- RECTIFICACIÓN DE ERROS, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO, CONCELLO DE POIO, DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NUM. 16 B-15, EN RÚA CLEMENTE ECHEVERRÍA, 1- RAXÓ, POIO, PONTEVEDRA, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO.- Dase conta pola Secretaria dos trámites realizados como consecuencia da comunicación recibida do Servizo de Urbanismo de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de 1 de xuño de 2009, número rexistro de entrada 2851 de 3 de xuño de 2009 no que se lembra ao concello que a modificación puntual: “...ademais de ser promovida polo concello debe estar formulada por este, polo que debe constar así na documentación técnica e nos documentos do expediente administrativo...”.

Dase conta igualmente do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo adoptado en sesión ordinaria celebrada con data 16 de xuño de 2009:

“E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente:

" Visto o escrito, de data 1 de xuño de 2009, do Xefe do Servizo de Urbanismo de Pontevedra, s/rfa.: Planeamento PTU-PO-09/012, informado sobre devolución da documentación do proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal para descatalogación de ben protexido núm. 16-B15 na rúa Clemente Echeverría núm. 1, remitido polo Concello de Poio, indicando ó Concello que a modificación puntual, ademais de ser promovida polo Concello debe estar formulada por este, polo que debe constar así na documentación técnica e nos documentos do expediente administrativo, teño a ben informar-lo seguinte:

Primeiro: Por acordo do Pleno do Concello de 9 de xullo de 2008, número 3.150 aprobouse inicialmente o proxecto de modificación puntual do catálogo para descatalogación do ben protexido núm. 16-B15 na rúa Clemente Echeverría núm. 1, redactado polos arquitectos D. José Antonio Sueiro Sueiro e D. Elias Cueto Álvarez, visado o 3 de xullo de 2008 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de conformidade cos informes técnico, xurídico e Secretaría municipal, **facéndose constar no acordo de aprobación inicial que esta modificación puntual estaba promovida por Dna. María Esther Carolina Echeverría Pardo, cando legalmente debía de ser promovido polo Concello de Poio, tal como se deduce dos antecedentes administrativos obrantes neste expediente, segundo os cales foi a Alcaldía de Poio a que o 10 de decembro de 2007 (folio 1 do expediente administrativo) a que promoveu a descatalogación de dita edificación.**

Segundo: Por acordo plenario de 27 de xaneiro de 2009, núm. 3208, aprobouse provisionalmente o proxecto de modificación puntual do catálogo de edificios e conxuntos do Concello de Poio visado o 3 de xullo de 2008, unha vez sometido a información pública e demais trámites legais procedentes, de descatalogación do ben protexido núm. 16-B15 na rúa Clemente Echeverría núm.1 de Raxó, indicándose igualmente por erro que era promovido por Dna. María Esther Carolina Echeverría Pardo (por ser esta a que figuraba como tal na modificación puntual aprobada inicial e provisionalmente).

Terceiro: Por escrito de 5 de xuño de 2009 o arquitecto D. José Antonio Sueiro Sueiro entrega no Concello de Poio dous exemplares do proxecto de modificación puntual do catálogo do Concello de Poio, descatalogación do ben protexido 16-B15 de rúa Clemente Echeverría núm. 1- Raxó redactado polos arquitectos D. José Antonio Sueiro Sueiro e D. Elias Cueto Álvarez, de data xullo de 2008, visado o 4 de xuño de 2009, en cuxos exemplares do proxecto de modificación xa figura o Concello

de Poio como órgano que promove dita modificación, sendo a mesma formulada polo Concello de Poio, todo iso ós efectos de subsanación do erro habido coa presentación no seu día do mesmo proxecto visado o 3 de xullo de 2008.

Cuarto: O art. 42.5 da lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece o seguinte:

"O transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución poderase suspender nos seguintes casos:

a) Cando deba requirirse a calquera interesado para a subsanación de deficiencias e a aportación de documentos e outros elementos de xuízo necesarios, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario, ou no seu defecto, o transcurso do prazo concedido, todo elo sen prexuízo do previsto no artigo 71 de la presente Lei"

O art. 71.1 da mesma lei establece o seguinte:

"Si a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior e os esixidos, no seu caso, pola lexislación específica aplicable, requirirase ó interesado para que, nun prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42. "

Igualmente o art. 57 puntos 1 e 3, establece o seguinte:

1.- Os actos das Administracións Públicas suxeitos ó dereito administrativo presumíranse válidos e produciran efectos desde a data na que se diten agás **que neles se dispoña outra cousa.**

3.- Excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva ós actos cando se diten en substitución de actos anulados, **e, así mesmo, cando produzan efectos favorables ó interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran xa na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.**

E o artigo 105.2. Establece o seguinte:

"As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes no seus actos."

Por todo iso, previo informe da Arquitecto Municipal polo que se acredite que o proxecto de modificación puntual visado o 4 de xunio de 2009, é o mesmo que o visado o 3 de xullo de 2008, que fora aprobado inicial e provisionalmente, e previo informe da Secretaria Xeral do Concello e ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, pode o Pleno do Concello prestar aprobación ó proxecto de modificación puntual do catálogo visado o 4 de xuño de 2009 rectificando os erros padecidos nos acordos plenarios de aprobación inicial e provisional, outorgando a este novo acordo plenario eficacia retroactiva ás datas na que se produzo a aprobación inicial e provisional, quedando debidamente acreditado que esta modificación puntual foi promovida e formulada polo Concello de Poio, dándose cumprimento ó informe emitido polo Xefe do Servizo de Urbanismo de Pontevedra de 1 de xuño de 2009 e que se remita novamente o proxecto de modificación puntual aprobado co expediente administrativo ó Xefe do Servizo de Urbanismo de Pontevedra para que previo o informe correspondente se someta á aprobación definitiva do Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. "

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que dí textualmente:

"Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente á subescala de Secretaría, categoría de entrada, Secretaria do Concello de Poio, en cumprimento do establecido no art. 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o seguinte **INFORME**

- **Antecedentes de feito.**

- Con data 3 de xuño de 2009, número rexistro de entrada 2851, recíbese requirimento formulado polo Servizo Provincial de Urbanismo en Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas polo que en relación ao proxecto de Modificación puntual do PXOM para descatalogación do ben protexido nº 16-B15 na rúa Clmente Echeverría remítese o tal da documentación do expediente para que se corrixa a deficiencia observada por canto "...A modificación puntual, ademais de ser promovida polo Concello debe estar formulada por este, polo que debe

constar así na documentación técnica e os documentos do expediente administrativo."

- Examinado o expediente, constátase a existencia da devandita deficiencia na documentación que se relaciona de seguido:

- Folio número 63 do expediente dilixenciado correspondente ao informe emitido polo asesor xurídico con data 22 de xullo de 2008 cando sinala "ASUNTO: URBANISMO.- EXP 425/07.- PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLAMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR DNA. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO".

- Folio número 71 do expediente dilixenciado correspondente ao ditame adoptado na sesión da Comisión Informativa de Urbanismo celebrada con data 29 de xullo de 2008 na que figura como punto da orde do día: "... ASUNTO: 6781.- EXP 425/07.- PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLAMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR DNA. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO".

- Folio número 75 do expediente dilixenciado corespondente á certificación da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno con data 29 de xullo de 2009 na que figura como punto da orde do día: "3150.- URBANISMO, PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLAMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR DNA. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO". Nos pronunciamentos do acordo adoptado, folio 77, non se recolle referencia expresa ningunha á promoción ou iniciativa de D^a M^a Esther Carolina Echeverría Pardo no expediente.

- Folio número 78 do do expediente dilixenciado corespondente á certificación da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno con data 29 de xullo de 2009 na que figura como punto da orde do día: "3150.- URBANISMO, PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLAMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR DNA. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO". Nos pronunciamentos do acordo adoptado, folio 77, non se recolle referencia expresa ningunha á promoción ou iniciativa de D^a M^a Esther Carolina Echeverría Pardo no expediente.

- Folio número 99 do expediente dilixenciado correspondente ao informe emitido polo asesor xurídico con data 29 de outubro de 2008 cando sinala "ASUNTO:

URBANISMO.- EXP 425/07.- PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLAMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR DNA. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO.

Visto o expediente tramitado do proxecto de modificación puntual do Catálogo de edificios e Conxuntos do Concello de Poio de descatalogación do ben protexido núm. 16-B15, en rúa Clmente Echverría, 1 de Raxó, promovido por D^a María Esther Carolina Echverría Pardo...".

- Folio número 101 do expediente dilixenciado correspondente a certificación expedida por esta Secretaría relativa ao resultado do trámite de información pública: "...que no proxecto de modificación puntual do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio de descatalogación do ben protexido núm. 16-B15, en rúa Clmente Echverría, 1 de Raxó, promovido por D^a María Esther Carolina Echverría Pardo...".

- Folio número 102 do expediente dilixenciado correspondente a certificación expedida por esta Secretaría relativa ao resultado do trámite de información pública : "...que no proxecto de modificación puntual do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio de descatalogación do ben protexido núm. 16-B15, en rúa Clmente Echverría, 1 de Raxó, promovido por D^a María Esther Carolina Echverría Pardo...".

- Folio número 106 do expediente dilixenciado correspondente a oficio remitido polo Alcalde dirixido ao Alcalde do concello de Sanxenxo para os efectos establecidos no art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no que se indica: "...Dito proxecto foi redactado polos arquitectos D. José Antonio Sueiro sueiro e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 03 de xullo de 2008, promovido por Dna María Esther Carolina Echeverría;...".

- Folio número 108 do expediente dilixenciado correspondente a oficio remitido polo Alcalde dirixido ao Alcalde do concello de Barro para os efectos establecidos no art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no que se indica: "...Dito proxecto foi redactado polos arquitectos D. José Antonio Sueiro sueiro e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 03 de xullo de 2008, promovido por Dna María Esther Carolina Echeverría;...".

- Folio número 110 do expediente dilixenciado correspondente a oficio remitido polo Alcalde dirixido ao Alcalde do concello de Meaño para os efectos establecidos no art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación

urbanística e protección do medio rural de Galicia no que se indica: "...Dito proxecto foi redactado polos arquitectos D. José Antonio Sueiro sueiro e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 03 de xullo de 2008, promovido por Dna María Esther Carolina Echeverría;..."

- Folio número 112 do expediente dilixenciado correspondente a oficio remitido polo Alcalde dirixido ao Alcalde do concello de Meis para os efectos establecidos no art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no que se indica: "...Dito proxecto foi redactado polos arquitectos D. José Antonio Sueiro sueiro e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 03 de xullo de 2008, promovido por Dna María Esther Carolina Echeverría;..."

- Folio número 112 do expediente dilixenciado correspondente a oficio remitido polo Alcalde dirixido ao Alcalde do concello de Pontevedra para os efectos establecidos no art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no que se indica: "...Dito proxecto foi redactado polos arquitectos D. José Antonio Sueiro sueiro e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 03 de xullo de 2008, promovido por Dna María Esther Carolina Echeverría;..."

- Folio número 120 do expediente dilixenciado correspondente ao informe emitido polo asesor xurídico con data 23 de decembro de 2008 cando sinala "ASUNTO: URBANISMO.- EXP 425/07.- PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLAMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR DNA. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO

Visto o expediente tramitado do proxecto de modificación puntual do Catálogo de edificios e Conxuntos do Concello de Poio de descatalogación do ben protexido núm. 16-B15, en rúa Clemente Echeverría, 1 de Raxó, promovido por D^a María Esther Carolina Echeverría Pardo..."

- Folio número 122 do expediente dilixenciado correspondente ao informe emitido pola secretaria accidental do concello con data 7 de xaneiro de 2009 cando sinala: "...-Descatalogación do Ben Protexido nº 16-B15 en R/ Clemente Echeverría 1 de Raxó Promovido por Dona María Esther Carolina Echeverría Pardo..."

- Folio número 123 do expediente dilixenciado correspondente ao ditame adoptado na sesión da Comisión Informativa de Urbanismo celebrada con data 13 de xaneiro de 2009 na que figura como punto da orde do día: "... ASUNTO: 6781.- EXP 425/07.- PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE

POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLAMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR DNA. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO".No mesmo ditame dase conta do informe do asesor xurídico de 23 de decembro de 2008 así como ao da Secretaria accidental de 7 de xaneiro de 2009 afectados pola mesma deeficiencia na forma descrita.

- Folio número 125 do expediente dilixenciado correspondente ao certificado do acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 27 de xaneiro de 2009 na que figura como punto da orde do día: "3208.- URBANISMO, PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLAMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR D^a. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO". No mesmo acordo dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de 13 de xaneiro de 2009 afectada polas deficiencias comentadas. Así mesmo e como pronunciamento primeiro: "...Aprobar provisionalmente o proxecto de modificación puntual do catálogo de edificios e conxunto do Concello de Poio, de descatalogación do ben protexido núm. 16B15, na rúa Clemente Echeverría núm. 1 de Raxó promovido por D^a María Esther Carolina Echeverría Pardo".

- Folio número 126 do expediente dilixenciado correspondente ao certificado do acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 27 de xaneiro de 2009 na que figura como punto da orde do día: "3208.- URBANISMO, PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLAMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR D^a. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO". No mesmo acordo dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de 13 de xaneiro de 2009 afectada polas deficiencias comentadas. Así mesmo e como pronunciamento primeiro: "...Aprobar provisionalmente o proxecto de modificación puntual do catálogo de edificios e conxunto do Concello de Poio, de descatalogación do ben protexido núm. 16B15, na rúa Clemente Echeverría núm. 1 de Raxó promovido por D^a María Esther Carolina Echeverría Pardo".

- Proxecto técnico redactado polos arquitectos D. José Antonio Sueiro Sueiro e D. Elías Cueto Álvarez visado polo colexio Oficial de Arquitectos con data 3 de xullo de 2008 no que se designa como encargante a D^a M^a Esther Carolina Echeverría Pardo. No certificado do visado aparece igualmente como encargante, D^a M^a Esther Carolina Echeverría Pardo.

- Con data 5 de xuño de 2009, número rexistro de entrada 2890, preséntase de novo o proxecto técnico redactado polos mesmos arquitectos con visado do Colexio

Oficiald a Arquitectos de Galicia con data 4 de xuño de 2009 no que aparece como promotor e encargante do proxecto, o concello de Poio.

1. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Alcance da incidencia procedimental surxida. Revisión de oficio, revogación e revisión de oficio.

Tal e como se desprende dos antecedente de feito, o requirimento efectuado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, a modificación do PXOM debe estar promovida polo concello e ser formulada por éste.

O verbo "promover" é definido pola Real Academia da liguna española como:

- Iniciar o impulsar una cosa o un proceso, procurando su logro.
- Levantar o elevar a alguien a una dignidad o empleo superior al que tenía.
- Tomar la iniciativa para la realización o el logro de algo.

Segundo o art. 81.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

"Os plans xerais de ordenación municipal formularase polos concellos respectivos".

Ainda que os arts. 93 e 94 da mesma norma non o estalezan de forma expresa para a modificación o interese xeral presente así o esixe.

O actual Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e co caracter de lexislación básica aplicable no conxunto do territorio nacional en atención a súa disposición transitoria primeira, establece no seu art. 3.1º:

"A ordenación do territorio e a urbanística son funcións públicas non susceptibles de transacción que organizan e definen o uso do territorio e do solo de acordo co interese xeral, determinando as facultades e deberes do dereito de propiedade do solo conforme o destino deste. Esta determinación non confire dereito a esixir indemnización ningunha, salvo nos casos expresamente establecidos nas leis.

O exercicio da potestade de ordenación territorial e urbanística deberá ser motivado, con expresión dos intereses xerais aos que sirve”.

Tal e como consta no expediente dilixenciado, éste incíciase de oficio mediante proposta da Alcaldía de 10 de decembro de 2007 no que se xustifican as razóns de interese público que aconsellerían levar a cabo a descatalogación do inmovible afectado (folio número 1). Con tal caracter informouse polo asesor xurídico, ditaminouse pola Comisión informativa de urbanismo e por esta Secretaría (folios 24 a 32) etc e na mesma forma apróbase inicialmente o expediente pese a equivocada redacción como punto na orde do día do Pleno.

Elo pon de manifesto que aínda existindo un interese pola propiedade do inmovible a descatalogar, D^a M^a Esther Carolina Echeverría Pardo, a promoción do expediente en canto inicio e impulso mesmo (nos termos do art. 69 e 74 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro) correspondeu ao Alcalde, e polo tanto, ao concello.

Ese interese particular poda ser o que motivase que a Xunta de Goberno Local tivese adoptado acordo en sesión ordinaria celebrada con data 25 de maio de 2008 no que se solicita dos propietarios do edificio a presentación de proxecto técnico, por canto responde a unha acción conveniada pese a non ser plasmada como tal convenio de planeamento, asumíndose como compromiso do particular os custes da redacción do proxecto, correspondendo á administración, o estudo da posible modificación (tal e como aconteceu), a documentación e tramitación da mesma.

A incidencia procedimental surxida, por tanto, está íntimamente ligada a un dos caracteres definidos xurisprudencialmente respecto a potestade de planeamento, cal é a súa indisponibilidade por vía contractual, impondo a necesariedade de suxeitar os supostos nos que exista unha acción concertada con particulares ao cumprimento dunha serie de requisitos.

O primeiro deles xa mencionado pola normativa transcrita e polo propio acordo adoptado polo mencionado órgano colexiado con data 25 de maio de 2008, é o relativo á xustificación do interese xeral presente ao que se refiren os informes da arquitecto municipal de 22 de xullo de 2008 e do asesor xurídico da corporación da mesma data reconducidos aos previamente definidos no art.94 da Lei

9/2002, do 30 de decembro, ámbito fiscalizado no informe de secretaría de 24 de xullo de 2008.

En segundo lugar, a proposta materializada no proxecto debe sustentarse por si mesma con independencia dos intereses privados, e que podería entenderse presente na proposta da Alcaldía de 10 de decembro de 2007, avalada polo informe favorable da Consellería de Cultura e Deporte así como dos restantes organismos públicos sectorais partícipes no procedemento.

Excluída a súa consideración como acto desfavorable ou de gravame para os efectos do art. 105.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, consonte o artigo 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común: "As administracións públicas poderán así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Para saber se dito precepto resulta aplicable á cuestión suscitada é preciso coñecer o límite entre rectificación e revisión de actos administrativos .

Un exame pormenorizado da xurisprudencia do Tribunal Supremo permite afirmar que o erro que xustifica a rectificación non é o erro na representación da realidade que ao igual que o erro na aplicación do dereito, trascende a decisión e debe dar lugar aos mecanismos anulatorios normais, senon o **erro na expresión material do xuízo** e así **a doutrina xurisprudencia da orde contencioso-administrativo ten establecido que o erro:**

- Debe ser independente de calquera opinión, valoración ou interpretación (STS 25 xaneiro 1984 y 30 maio 1985)
- Ten que ceñirse aos supostos no que o propio acto administrativo ou excepcionalmente o expediente revele unha equivocación manifiesta e evidente por si mesmo. (STS 20 xullo 1984)
- Debe afectar a elementos accidentais do acto sen proxectarse ao seu contido fundamental (STS 3 Oct. 1986, 1 Feb. 1991, y 3 Mar. 1992)
- Ten que conservar os efectos do acto, sen implicar unha revocación do mesmo, de forma que o acto subsista despois de corexido o erro (STS 31 oct. 1984 y 6 oct. 1986).

O Tribunal Constitucional, Sala Primeira, en sentenza de 27 de xaneiro de 1994, fundamento xurídico primeiro trata igualmente de fixar os límites e alcance da rectificación de erros e sinala:

"...La corrección del error material entraña siempre, y a diferencia de las anteriores actividades que tienden a integrar el fallo, algún tipo de modificación, en cuanto que la única manera de rectificar o subsanar alguna incorrección es cambiando los términos expresivos del error. En consecuencia, no cabe excluir cierta posibilidad de variación de la resolución judicial aclarada. Ahora, la duda está en si tal modificación puede alcanzar el fallo de la resolución. En principio, dado que la vía de aclaración no puede utilizarse como remedio de falta de fundamentación de la resolución judicial aclarada (STC 138/1985), ni para corregir errores judiciales de calificación jurídica (SSTC 119/1988 y 16/1991), o subvertir las conclusiones probatorias anteriormente mantenidas (STC 231/1991), habría que deducir que esta vía es inadecuada para anular y sustituir una Sentencia firme por otra de fallo contrario (STC 352/1993). Sin embargo, **tradicionalmente la jurisprudencia del Tribunal Supremo viene admitiendo la operatividad de esta técnica cuando el error material consiste en mero desajuste o contradicción patente e independiente de cualquier juicio valorativo o apreciación jurídica, entre la doctrina establecida en los fundamentos jurídicos y el fallo de la resolución judicial.** .En efecto, no puede descartarse este remedio, aunque comporte revisión del sentido del fallo, si se hace evidente, por deducirse con toda certeza del propio texto de la Sentencia, sin necesidad de hipótesis, deducciones e interpretaciones, que el órgano judicial simplemente se equivocó al trasladar el resultado de su juicio al fallo. Esta declaración tiene en cuenta, por lo demás, que la inmodificabilidad de las resoluciones firmes no es --como se dijo en la STC 119/1988-- un fin en sí mismo, sino un instrumento para garantizar la efectividad de la tutela judicial y que no integra el derecho a la tutela judicial beneficiarse de simples errores materiales o de evidentes omisiones en la redacción o transcripción del fallo. (...)"

Polo que en razón ao exposto e aos límites definidos xurisprudencialmente para a correcta aplicación da técnica de revisión de erros, o sentido e contido dos acordos adoptados polo Pleno e da propia formulación da modificación proxectada non se alteraría tras unha posible aplicación da rectificación de feito na figura do promotor, sen que polo tanto afecte ao seu contido esencial que debe ser reconducido á concreta ordenación proposta e neste caso, á descatalogación.

Así mesmo, o expediente si revela unha contradicción manifesta entre a súa documentación convivindo aquelas propostas, oficios, informes e acordos nos que se identifica claramente como promotor ao concello de Poio e aqueles nos que se designa en modo contrario á D^a M^a Esther Carolina Echeverría Pardo.

Os informes emitidos por esta funcionaria (26 de decembro de 2007, 28 de abril de 2008 e 24 de xullo de 2008) partiron da consideración como promotor, en canto administración que inicia o expediente e tramita o correspondente procedemento, ao concello de Poio.

Polo que deberá ser o Pleno, o que se pronuncie sobre si a proposta obedece a un interese privado e como tal promove verdadeiramente o expediente, ou si pese a coexistir un interese da propietaria do inmovible na aprobación exitosa da modificación tramitada, a promoción do expediente por razóns de mero interese público tal e como se recolle nos informes técnicos, correspondeu ao Concello obedecendo igualmente as mencións aos propietarios como encargantes e promotores na formulación da documentación a unha razón meramente económica como axente financiador.

Sólo e a partires de tal pronunciamento poderase realmente delimitar o ámbito de aplicación da rectificación de erros no sentido exposto, ou se procede pola contra iniciar procedemento de rvisi`on de oficio conforme o art. 102 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Segundo.- Procedemento a seguir.

A opción polo Pleno pola primeira das posibilidades descritas faría incurrir, a xuízo desta informante, nun vicio de nulidade absoluta e de pleno dereito ao abeiro do art. 62.1º.e) da Lei 30/1992, do 30 de decembro, dado o carácter público da potestade de planeamento e a competencia do concello para a formulación de planeamento xeral, debendo acudir á vía de revisión de oficio marcada polo art. 102 da mesma Lei e previo acordo inicial polo Pleno, o expediente deberá ser remitido ao Consello Consultivo de Galicia.

En caso contrario, será necesario proceder a rectificar conforme ao art. 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as referencias en todos os documentos obrantes no expediente á promoción por D^a M^a Esther Carolina Echeverría Pardo polo Concello de Poio.

En todo caso, de conformidade cos arts 22 .1º.c) e 47.2º.11) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, os acordos deberán ser adoptados polo Pleno por maioría absoluta do seu número legal membros.”

Esta Comisión acorda: Adherirse a ditos informes. ”

A Secretaria comenta aos asistentes o alcance do seu informe e a necesidade, de ser considerado como error de feito, de que se proceda a realizar rectificación da documentación afectada por tal incidencia con especial mención nos caso dos informes emitidos polos técnicos municipais e persoal externo no que debería, tal e como consta no seu informe de 11 de xuño de 2009, de aclararse se tal incidencia afecta ou altera o seu sentido por existir referencia expresa nos mesmos á promoción do expediente por Dª Mª Esther Carolina Echeverría Pardo.

Non suscitándose debate ningún, en votación ordinaria e polo voto favorable dos quince concelleiros presentes, sendo dazasete o seu número legal de membros, de conformidade cos arts. 105.2º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 84 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o Pleno ACORDOU:

Primeiro.- Ratificar o interese público municipal existente na formulación, promoción e tramitación do expediente de modificación puntual do Catálogo de edificios e conxunto do Concello de Poio presente no expediente de descatalogación do ben protexido núm. 16-B15, en Rúa Clemente Echeverría, 1, Raxó, procedendo a rectificar o erro existente:

- No punto 3150 da orde do día da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno con data 29 de xullo de 2008 onde dí: “3150.- URBANISMO, PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLEMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR DNA. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO” debe dicir: “3150.- URBANISMO, PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLEMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO”.

- No punto 3208 da acta da sesión ordinaria

celebrada polo Pleno con data 27 de xaneiro de 2009 onde día: "3208.- URBANISMO, PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLEMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR DNA. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO" debe dicir: "3208.- URBANISMO, PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, EN RÚA CLEMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO".

- No pronunciamento primeiro do acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada con data 27 de xaneiro de 2009 onde dí: "...Primeiro: Aprobar provisiolamente o proxecto de modificación puntual do catálogo de edificios e conxunto do Concello de Poio, de descatalogación do ben protexido núm. 16B15, na rúa Clemente Echverría núm. 1 de Raxó promovido por D^a María Esther Carolina Echeverría Pardo" debe dicir: "Primeiro: Aprobar provisionalmente o proxecto de modificación puntual do catálogo de edificios e conxunto do Concello de Poio, de descatalogación do ben protexido núm. 16B15, na rúa Clemente Echverría núm. 1 de Raxó promovido polo Concello de Poio" .

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados con indicación de que que contra o mesmo poden, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, poidendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición

interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

Terceiro.- Dar traslado do expediente coas rectificacións practicadas á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para os efectos da aprobación definitiva do procedemento de modificación puntual.

3269.- RECTIFICACIÓN DE ERROS. SE PROCEDE, PROCEDEMENTO MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE POIO EN RÚA PEIRAO, SAN SALVADOR, POIO.- Dase conta por Secretaría dos trámites realizados no expediente de modificación puntual do PXOM na rúa Peirao, San Salvador (Poio) unha vez advertida a existencia de dous incidencias na documentación remitida á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras con data 19 de maio de 2009, número rexistro de saída 1347.

Con tal motivo o 17 de xuño de 2009 elévase a consideración da devandita Consellería petición de suspensión do procedemento ao abeiro do art. 42.5°.a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Consta no expediente informes do Asesor Xurídico de 22 de xuño de 2009 e de Secretaría de 19 de xuño de 2009, así como ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo en sesión ordinaria realizada con data 23 de xuño de 2009:

"Previa declaración de urxencia, adoptada por unanimidade dos asistentes e previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello, que di textualmente.

"Visto o proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de ordenación Municipal de Poio, en rúa Peirao do lugar de Barca da parroquia de San Salvador, e o disposto no Plan de Ordenación Municipal vixente, na Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola lei 15/2004, de 29 de decembro e na lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, teño a ben informar o seguinte:

PRIMEIRO: Por acordo do Pleno núm. 3.239, de 28 de abril de 2009 tomouse en consideración o expediente de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Poio en Rúa Peirao, San Salvador, no Concello de Poio, indicándose en dito acordo que dito proxecto era promovido por "Construcciones Bamarti, S.L." e redactado polos arquitectos D. Ignacio Hermo Tuñez e D. José A. Hermo Tuñez **entregado no Concello de Poio o 29 de decembro de 2008 e que se remitira á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras ós efectos previstos no artigo 94.4 da lei 9/2002, de 30 de decembro, en relación co art. 18 da lei 9/2006, de 28 de abril.**

SEGUNDO: Examinado o expediente tramitado no Concello observase a existencia dun erro no acordo adoptado xa que o proxecto de modificación puntual que realmente debeuse de tomar en consideración polo referido acordo plenario era o novo proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, tamén redactado polos mesmos arquitectos e entregado no Concello en febreiro de 2009, sendo este novo proxecto o que fora informado favorablemente polos técnicos municipais con data 23 de marzo de 2009, arquitecto e aparellador municipal.

TERCEIRO: O erro detectado no acordo plenario de 28 de abril de 2009 provén do informe emitido por esta Asesoría Xurídica o 2 de abril de 2009, que se refire ó proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en rúa Peirao, redactado polos mesmos arquitectos de decembro de 2008 e que fora modificado posteriormente e substituído polo novo de febreiro de 2009 que é o que en realidade foi informado favorablemente polos dous técnicos municipais.

CUARTO: Procedendo en consecuencia subsana-lo erro padecido no acordo plenario de 28 de abril de 2009 non sentido de ter por admitido a trámite o proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, redactado polos arquitectos D. Ignacio Hermo Tuñez e D. José A Hermo Tuñez de data febreiro de 2009 e non o entregado o 29 de decembro de 2008 e sendo o Concello de Poio o promotor desta modificación puntual, todo iso en base ós seguintes preceptos legais.

Art. 57 puntos 1 e 3 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece o seguinte:

1.- Os actos das Administracións Públicas suxeitos ó dereito administrativo presumiranse válidos e producirán

efectos desde a data na que se ditén agás **que neles se dispoña outra cousa.**

3.- Excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva ós actos cando se ditén en substitución de actos anulados, **e, así mesmo, cando produzan efectos favorables ó interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran xa na data á que se retrotraía a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.**

E o artigo 105.2. da mesma lei, establece o seguinte:

"As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes no seus actos."

Por todo iso, pode o Pleno do Concello, previo dictame da Comisión Informativa de Urbanismo adoptalo correspondente acordo rectificando ó acordo plenario núm. 3239, de 28 de abril de 2009 no sentido de tomar en consideración o proxecto de modificación puntual de febreiro de 2009, promovido polo Concello de Poio e redactado polos arquitecto D. Ignacio Hermo Tuñez e D. José A. Hermo Tuñez, outorgando a esta rectificación efectos retroactivos ó 28 de abril de 2009 e que se remita o novo acordo, co proxecto de modificación puntual de febreiro de 2009 á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, ós efectos establecidos no art. 94.4 da lei 9/2002, de 30 de decembro de Protección Urbanística e do Medio Rural de Galicia, en relación co art. 18 da lei 9/2006, de 28 de Abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a fin de que dita Consellería poida adoptala decisión que proceda acerca da necesidade ou non do seu sometemento ó procedemento de avaliación ambiental estratéxica, conforme prevé o art. 5 e) da lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia.

Acordándose igualmente que se remita o proxecto de modificación puntual de febreiro de 2009 ó Ministerio de Medio Ambiente - Dirección Xeral de Costas - Xefatura Provincial de Costas do Estado (Pontevedra), e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras ó efectos previstos na lei 22/88, de 28 de xullo, de Costas, así como ó Ministerio de Fomento - Demarcación de Estradas do Estado en Galicia ós efectos da lei de Estradas, pola proximidad da autoestrada A9."

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que dí textualmente:

"Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente á subescala de Secretaría, categoría de entrada, Secretaria do Concello de Poio, en cumprimento do establecido no art. 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o seguinte **INFORME**

1. Antecedentes de feito.

- Con data 11 de xuño de 2009 emítese informe de Secretaría en relación ao expediente de modificación puntual do PXOM relativo á descatalogación de inmovible na rúa Clemente Echeverría, Raxó, Poio. Dito informe ven motivado polo requirimento recibido do Servizo provincial de urbanismo en Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras relativo á promoción do expediente nos termos establecidos no art. 81 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

- Examinado o expediente de modificación puntual do PXOM en rúa Peirao, San Salvador, constátase a existencia da mesma deficiencia así como un erro na identificación da data do proxecto técnico finalmente tomado en consideración polo Pleno na documentación que se relaciona de seguido, xa que xunto co proxecto presentado en decembro de 2008, tal e como se reflexa do informe técnico emitido en data 23 de marzo de 2009 e acredítase pola súa incorporación ao expediente, existe outro proxecto posterior de febreiro 2009 ao que se refiren as consideracións técnicas do devandito informe:

- Informe emitido polo asesor xurídico con data 2 de abril de 2009 cando sinala "ASUNTO: URBANISMO.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DO CONCELLO DE POIO, EN RÚA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POR "CONSTRUCCIONES BAMARTI, S.L." E REDACTADO POLOS ARQUITECTOS D. IGNACIO HERMO TUÑEZ E JOSÉ A. HERMO TUÑEZ, ENTREGADO NO CONCELLO O 29 DE DECEMBRO DE 2008.-".

- Orde do día da Comisión Informativa de Urbanismo de 21 de abril de 2009 no que se recolle: "ASUNTO: 7266.- URBANISMO.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DO CONCELLO DE POIO, EN RÚA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POR "CONSTRUCCIONES BAMARTI, S.L." E REDACTADO POLOS ARQUITECTOS D. IGNACIO HERMO TUÑEZ E JOSÉ A. HERMO TUÑEZ, ENTREGADO NO CONCELLO O 29 DE DECEMBRO DE 2008.-". Ademais se reproduce, entre outros, o informe do asesor afectado do erro comentado.

- Acta da sesión ordinaria plenaria celebrada con data 28 de abril de 2009 no que figura como punto da orde do día: "3239.- URBANISMO.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DO CONCELLO DE POIO, EN RÚA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POR "CONSTRUCCIONES BAMARTI, S.L." E REDACTADO POLOS ARQUITECTOS D. IGNACIO HERMO TUÑEZ E JOSÉ A. HERMO TUÑEZ, ENTREGADO NO CONCELLO O 29 DE DECEMBRO DE 2008.-". Na medida en que se reporduce o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, reiteranse os mesmos erros aos que se suma o pronunciamento primeiro: "Primeiro: Tomar en consideración o expediente de modificación puntual do PXOM do concello de Poio en rúa Peirao, San Salvador (Poio), promovido por "CONSTRUCCIONES BAMARTI, SL.".

- As mesmas referencias son utilizadas nos oficios de remisión da documentación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de 18 de maio de 2009.

- No informe emitido por esta Secretaría con data 17 de abril de 2009 solo se realiza mención ao primeiro dos proxectos presentados sen que exista variación ningunha no sentido do mesmo na medida en que o informe técnico tido en conta é o emitido con data 23 de marzo de 2009 que parte do proxecto técnico de febreiro de 2009.

2. Consideracións xurídicas.

Dous son as cuestións plantexadas:

a) Formulación do proxecto e promoción do expediente.

b) Proxecto técnico informado sobre o que recae o pronunciamento plenario.

En canto á primeira delas, remítome ao xa informado con data 11 de xuño de 2009:

"...

Primeira.- Alcance da incidencia procedimental surxida. Revisión de oficio, revogación e revisión de oficio.

Tal e como se desprende dos antecedente de feito, o requirimento efectuado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, a modificación do PXOM debe estar promovida polo concello e ser formulada por éste.

O verbo "promover" é definido pola Real Academia da lingua española como:

- Iniciar o impulsar una cosa o un proceso, procurando su logro.
- Levantar o elevar a alguien a una dignidad o empleo superior al que tenía.
- Tomar la iniciativa para la realización o el logro de algo.

Segundo o art. 81.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

"Os plans xerais de ordenación municipal formularase polos concellos respectivos".

Ainda que os arts. 93 e 94 da mesma norma non o estalezan de forma expresa para a modificación o interese xeral presente así o esixe.

O actual Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e co carácter de lexislación básica aplicable no conxunto do territorio nacional en atención a súa disposición transitoria primeira, establece no seu art. 3.1º:

"A ordenación do territorio e a urbanística son funcións públicas non susceptibles de transacción que organizan e definen o uso do territorio e do solo de acordo co interese xeral, determinando as facultades e deberes do dereito de propiedade do solo conforme o destino deste. Esta determinación non confire dereito a esixir indemnización ningunha, salvo nos casos expresamente establecidos nas leis.

O exercizo da potestade de ordenación territorial e urbanística deberá ser motivado, con expresión dos intereses xerais aos que serve".

Tal e como consta no expediente dilixenciado, éste incíciase de oficio mediante proposta da Alcaldía de 10 de decembro de 2007 no que se xustifican as razóns de interese público que aconsellerían levar a cabo a descatalogación do inmovible afectado (folio número 1). Con tal carácter informouse polo asesor xurídico, ditaminouse pola Comisión informativa de urbanismo e por esta Secretaría (folios 24 a 32) etc e na mesma forma apróbase inicialmente o expediente pese a equivocada redacción como punto na orde do día do Pleno.

Elo pon de manifesto que aínda existindo un interese pola propiedade do inmoble a descatalogar, D^a M^a Esther Carolina Echeverría Pardo, a promoción do expediente en canto inicio e impulso mesmo (nos termos do art. 69 e 74 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro) correspondeu ao Alcalde, e polo tanto, ao concello.

Ese interese particular poda ser o que motivase que a Xunta de Goberno Local tivese adoptado acordo en sesión ordinaria celebrada con data 25 de maio de 2008 no que se solicita dos propietarios do edificio a presentación de proxecto técnico, por canto responde a unha acción conveniada pese a non ser plasmada como tal convenio de planeamento, asumíndose como compromiso do particular os custes da redacción do proxecto, correspondendo á administración, o estudo da posible modificación (tal e como aconteceu), a documentación e tramitación da mesma.

A incidencia procedimental surxida, por tanto, está íntimamente ligada a un dos caracteres definidos xurisprudencialmente respecto a postestade de planeamento, cal é a súa indisponibilidade por vía contractual, impondo a necesariedade de suxeitar os supostos nos que exista unha acción concertada con particulares ao cumprimento dunha serie de requisitos.

O primeiro deles xa mencionado pola normativa transcrita e polo propio acordo adoptado polo mencionado órgano colexiado con data 25 de maio de 2008, é o relativo á xustificación do interese xeral presente ao que se refiren os informes da arquitecto municipal de 22 de xullo de 2008 e do asesor xurídico da corporación da mesma data reconducidos aos previamente definidos no art.94 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, ámbito fiscalizado no informe de secretaría de 24 de xullo de 2008.

En segundo lugar, a proposta materializada no proxecto debe sustentarse por si mesma con independencia dos intereses privados, e que podería entenderse presente na proposta da Alcaldía de 10 de decembro de 2007, avalada polo informe favorable da Consellería de Cultura e Deporte así como dos restantes organismos públicos sectoriais partícipes no procedemento.

Excluída a súa consideración como acto desfavorable ou de gravame para os efectos do art. 105.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, consonte o artigo 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo

común: "As administracións públicas poderán así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Para saber se dito precepto resulta aplicable á cuestión suscitada é preciso coñecer o límite entre rectificación e revisión de actos administrativos .

Un exame pormenorizado da xurisprudencia do Tribunal Supremo permite afirmar que o erro que xustifica a rectificación non é o erro na representación da realidade que ao igual que o erro na aplicación do dereito, trascende a decisión e debe dar lugar aos mecanismos anulatorios normais, senon o **erro na expresión material do xuízo** e así **a doutrina xurisprudencia da orde contencioso-administrativo ten establecido que o erro:**

1. Debe ser independente de calquera opinión, valoración ou interpretación (STS 25 xaneiro 1984 y 30 maio 1985)

2. Ten que ceñirse aos supostos no que o propio acto administrativo ou excepcionalmente o expediente revele unha equivocación manifiesta e evidente por si mesmo. (STS 20 xullo 1984)

3. Debe afectar a elementos accidentais do acto sen proxectarse ao seu contido fundamental (STS 3 Oct. 1986, 1 Feb. 1991, y 3 Mar. 1992)

4. Ten que conservar os efectos do acto, sen implicar unha revocación do mesmo, de forma que o acto subsista despois de corexido o erro (STS 31 oct. 1984 y 6 oct. 1986).

O Tribunal Constitucional, Sala Primeira, en sentenza de 27 de xaneiro de 1994, fundamento xurídico primeiro trata igualmente de fixar os límites e alcance da rectificación de erros e sinala :

"... La corrección del error material entraña siempre, y a diferencia de las anteriores actividades que tienden a integrar el fallo, algún tipo de modificación, en cuanto que la única manera de rectificar o subsanar alguna incorrección es cambiando los términos expresivos del error. En consecuencia, no cabe excluir cierta posibilidad de variación de la resolución judicial aclarada. Ahora, la duda está en si tal modificación puede alcanzar el fallo de la resolución. En principio, dado que la vía de aclaración no puede utilizarse como remedio de falta de fundamentación de la resolución judicial aclarada (STC 138/1985), ni para corregir errores judiciales de calificación jurídica (SSTC 119/1988 y 16/1991), o subvertir las conclusiones

probatorias anteriormente mantenidas (STC 231/1991), habría que deducir que esta vía es inadecuada para anular y sustituir una Sentencia firme por otra de fallo contrario (STC 352/1993). Sin embargo, **tradicionalmente la jurisprudencia del Tribunal Supremo viene admitiendo la operatividad de esta técnica cuando el error material consiste en mero desajuste o contradicción patente e independiente de cualquier juicio valorativo o apreciación jurídica, entre la doctrina establecida en los fundamentos jurídicos y el fallo de la resolución judicial.** .En efecto, no puede descartarse este remedio, aunque comporte revisión del sentido del fallo, si se hace evidente, por deducirse con toda certeza del propio texto de la Sentencia, sin necesidad de hipótesis, deducciones e interpretaciones, que el órgano judicial simplemente se equivocó al trasladar el resultado de su juicio al fallo. Esta declaración tiene en cuenta, por lo demás, que la inmodificabilidad de las resoluciones firmes no es --como se dijo en la STC 119/1988-- un fin en sí mismo, sino un instrumento para garantizar la efectividad de la tutela judicial y que no integra el derecho a la tutela judicial beneficiarse de simples errores materiales o de evidentes omisiones en la redacción o transcripción del fallo. ...".

Polo que en razón ao exposto e aos límites definidos xurisprudencialmente para a correcta aplicación da técnica de revisión de erros, o sentido e contido dos acordos adoptados polo Pleno e da propia formulación da modificación proxectada non se alteraría tras unha posible aplicación da rectificación de feito na figura do promotor, sen que polo tanto afecte ao seu contido esencial que debe ser reconducido á concreta ordenación proposta e neste caso, á descatalogación.

Así mesmo, o expediente si revela unha contradicción manifesta entre a súa documentación convivindo aquélas propostas, oficios, informes e acordos nos que se identifica claramente como promotor ao concello de Poio e aquéles nos que se designa en modo contrario á D^a M^a Esther Carolina Echeverría Pardo.

Os informes emitidos por esta funcionaria (26 de decembro de 2007, 28 de abril de 2008 e 24 de xullo de 2008) partiron da consideración como promotor, en canto administración que inicia o expediente e tramita o correspondente procedemento, ao concello de Poio.

Polo que deberá ser o Pleno, o que se pronuncie sobre si a proposta obedece a un interese privado e como tal promove verdadeiramente o expediente, ou si pese a coexistir un interese da propietaria do inmovible na

aprobación exitosa da modificación tramitada, a promoción do expediente por razóns de mero interese público tal e como se recolle nos informes técnicos, correspondeu ao Concello obedecendo igualmente as mencións aos propietarios como encargantes e promotores na formulación da documentación a unha razón meramente económica como axente financiador.

Sólo e a partires de tal pronunciamento poderase realmente delimitar o ámbito de aplicación da rectificación de erros no sentido exposto, ou se procede pola contra iniciar procedemento de rvisi`on de oficio conforme o art. 102 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Segundo.- Procedemento a seguir.

A opción polo Pleno pola primeira das posibilidades descritas faría incurrir, a xuízo desta informante, nun vicio de nulidade absoluta e de pleno dereito ao abeiro do art. 62.1º.e) da Lei 30/1992, do 30 de decembro, dado o carácter público da potestade de planeamento e a competencia do concello para a formulación de planeamento xeral, debendo acudir á vía de revisión de oficio marcada polo art. 102 da mesma Lei e previo acordo inicial polo Pleno, o expediente deberá ser remitido ao Consello Consultivo de Galicia.

En caso contrario, será necesario proceder a rectificar conforme ao art. 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as referencias en todos os documentos obrantes no expediente á promoción por D^a M^a Esther Carolina Echeverría Pardo polo Concello de Poio.

En todo caso, de conformidade cos arts 22 .1º.c) e 47.2º.ll) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, os acordos deberán ser adoptados polo Pleno por maioría absoluta do seu número legal membros. ..."

En relación á segunda das cuestións a analizar, tal e como se describe nos antecedentes de feito, as consideracións realizadas por esta informante con data 17 de abril de 2009 non se alteran nin varían polo feito de ter omitido referncia ao segundo dos proxectos presentados, xa que están feitas sobre a base de informe técnico de 23 de marzo realizado sobre o mesmo.

Da mesma maneira, no informe do asesor xurídico de 2 de abril de 2009.

Este é segundo o meu parecer, o dato máis relevante para ter en conta que partindo das consideracións

transcritas no presente informe, a referencia no pronunciamento primeiro do acordo plenario de 28 de abril de 2009 ao proxecto entregado no concello de Poio o 28 de decembro de 2008, debe ser calificado como erro e feito e como tal obxecto de rectificación polo mesmo órgano colexiado. "

Sometido o asunto a votación, este resulta:

Votos a favor: seis, dos membro do B.N.G. e do P.S.O.E.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: catro, dos membros do P.P.

Polo que se informa favorablemente a corrección de erros. "

Non suscitándose debate ningún, en votación ordinaria e polo voto favorable dos quince concelleiros presentes, sendo dezasete o seu número legal de membros, de conformidade cos arts. 105.2º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 84 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o Pleno ACORDOU:

Primeiro.- Ratificar o interese público municipal existente na formulación, promoción e tramitación do expediente de modificación puntual do PXOM do Concello de Poio en rúa Peirao, San Salvador Poio, redactado polos arquitectos D. Ignacio Hermo Tuñez e D. José Antonio Hermo Tuñez de data febreiro de 2009, rectificando os erros de feito seguintes:

- No punto 3239 da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno con data 28 de abril de 2009, onde dí: "3239.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE POIO, EN RÚA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POR "CONSTRUCCIONES BAMARTI, S.L." E REDACTADO POLOS ARQUITECTOS D. IGNACIO HERMO TUÑEZ E D. JOSE A. HERMO TUÑEZ, ENTREGADO NO CONCELLO DE POIO O 29 DE DECEMBRO DE 2008...", debe dicir: " 3239.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE POIO, EN RÚA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO E REDACTADO POLOS ARQUITECTOS D. IGNACIO HERMO TUÑEZ E D. JOSE A. HERMO TUÑEZ, DE FEBREIRO DE 2009..."

- No pronunciamento primeiro do acordo adoptado no punto 3239 polo Pleno en sesión ordinaria celebrada con data 28 de abril de 2009 onde dí: "Primeiro:Tomar en consideración o expediente de modificación puntual do PXOM

do concello de Poio en rúa Peirao, San Salvador (Poio) , promovido por "CONSTRUCCIONES BAMARTI, S.L." e redactado polos arquitectos D. Ignacio Hermo Tuñez e D. José A. Hermo Túñez...." debe dicir: "Primeiro:Tomar en consideración o expediente de modificación puntual do PXOM do concello de Poio en rúa Peirao, San Salvador (Poio) , promovido polo concello de Poio e redactado polos arquitectos D. Ignacio Hermo Tuñez e D. José A. Hermo Túñez....".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados con indicación de que que contra o mesmo poden, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, poidendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

Terceiro.- Remitir o acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para os efectos da súa incorporación á documentación que xa obra no seu poder para o cumprimento do establecido no art. 5.e) e 18 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plan e programas no medio ambiente.

Cuarto.- Remitir expediente completo para os efectos

da emisión de informe polo Servizo de autorizacións e informes sectoriais da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras así como ao Ministerio de Fomento con carácter previo á aprobación inicial.

MOCIÓNS URGENTES.- Non se producen.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- prodúcense as seguintes:

A Sra. Nieto García solicita á corporación que se adopten as medidas e se den as ordes oportunas para proceder ao acondicionamento do Muiño sito no lugar de Vilariño, xa que é unha petición dos veciños do lugar.

O Sr. Alcalde di que se presente por escrito polos veciños no rexistro xeral para poder solicitar as correspondentes e preceptivas autorizacións das autoridades correspondentes.

O Sr. Moldes Martínez pregunta cales foron os motivos polos que se denegou unha subvención á Escolas Deportivas segundo a publicación do DOG, no que se pon de manifesto que a solicitude realizouse fora de prazo.

O Sr. Pazos Barros contesta que todas esas xestións deben de realizarse coa Directiva das Escolas non co Concello.

Entón, o Sr. Moldes Martínez pregunta cal é a relación que ten o concello coas Escolas Deportivas.

O Sr. Pazos Barros contesta que se trata dunha entidade que non depende do Concello e que este o que fai e concederlle subvencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta e dous minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria, dou fe.